



O vindeiro sábado 29 de Xaneiro, o frautista Adrián Silva (A Portela, 1986) ofracerá un concerto, organizado pola Asociación Cultural Barosa, no que lle presentará aos seus veciños o seu primeiro traballo discográfico

Adrián, músico da Banda de Música Xuvenil de Barro é un dos músicos con mais proxección do panorama musical galego, pois recentemente foi premiado no concurso que a Fundación Mans e Caixanova celebran anualmente na Coruña

e que lle permitiu grabar este CD que agora presenta. Ademais, foi seleccionado no 2009 para participar no encontro da Banda Mundial (WASBE) que se celebrou na cidade estadounidense de Cincinnati.

Mais recentemente, realizou unha xira latinoamericana de presentación deste CD e acadou de maneira interina a praza de Frautista da Banda de Música Municipal da Coruña

